



Postes de recarga de vehículos eléctricos nos campus de Ourense e de Pontevedra

Durante o segundo semestre de 2021 executáronse as obras necesarias para a instalación dun poste de recarga de vehículos eléctricos nos Campus de Ourense e Pontevedra.

Os postes atópanse situados no aparcamento da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (Campus da Xunqueira) no caso de Pontevedra, mentres que o de Ourense se acha fronte ao edificio do Campus Auga (Campus Sur).

Os postes instalados son de tipo semirápido e posúen dobre toma de conexión a vehículo, polo que permiten executar dous recargas simultaneamente. Isto redunda nunha maior oferta de servizo de recarga para a comunidade universitaria.

Cada unha das tomas antes citadas posúe ademais un lector de tarxetas que permite activar a toma correspondente. Só as persoas usuarias rexistradas poden activar o poste mediante a presentación da tarxeta universitaria, debidamente validada para este fin, diante do lector de tarxetas correspondente.

A través desta aplicación de xestión, os postes permiten o control das persoas usuarias, consumos, horas de funcionamento, supervisión de avarías etc. Grazas a este alto grao de operatividade e de control, proporcionanlle un servizo de maior calidade ás persoas que os empregan.